

II FESTA CASTREXA CONCELLO DA BAÑA

Bases do Concurso de clans castrexos 2023

O Concello da Baña organiza o 13 de maio de 2023 o Concurso de clans castrexos, que se rexerá polas seguintes bases:

- I. As persoas participantes deberán vestirse acorde á temática proposta (casaca e pantalón de liño; capas con pel; calzas de coiro con calcetíns de la...); ademais de levar un estandarte en representación do seu clan.
- II. As persoas participantes deberán anotarse como data máxima o 8 de maio. O formulario de inscrición pode presentarse telemáticamente a través da sede electrónica do Concello da Baña ou presencialmente no Rexistro Xeral.
- III. As persoas participantes menores de idade achegarán unha autorización de participación asinada pola nai, pai ou titor/a legal.
- IV. O concurso celebrarase o sábado 13 maio, no lugar do Castro (A Baña).
- V. As persoas participantes deberán de adxudicar un nome para o grupo que deberá constar no momento da inscrición.
- VI. No momento do desfile un dos compoñentes do grupo deberá ter o dorsal visible que se deberá poñer no estandarte que represente o seu clan.
- VII. Outorgaranse premios polas seguintes categorías:

CATEGORÍAS

Mellor caracterizado

Mellor teatralización

Mellor clan con vehículo móbil

PREMIO

Lote produtos

Lote produtos

Lote produtos

- VIII. A categoría de mellor caracterizado debe estar composto por persoas que representen un mesmo motivo. Deben vestirse acorde á temática proposta, valéndose do traballo artesanal.
- IX. A categoría de mellor teatralizado deberá escenificar algunha escena da cultura

castrexa.

- X. A categoría de mellor clan con vehículo móbil deberá estar composto ademais por un obxecto ou móbil que represente a cultura castrexa (teares de liño, palloza, carro, elementos de metalurxia...
- XI. No caso de quedar algunha categoría deserta, será substituída polo premio accésit.
- XII. As persoas participantes poderán presentarse a distintas categorías, o cal deberá estar recollido no momento da inscrición.
- XIII. A selección das persoas gañadoras realizarase por proposta dun xurado alleo ao Concello da Baña.
- XIV. A decisión do xurado é inapelable.
- XV. O Concello da Baña resérvase o dereito para a captación e difusión de imaxes do concurso para fins de publicidade e promoción en prensa, na páxina web e redes sociais municipais. A utilización das imaxes e vídeos estará suxeita exclusivamente a un uso informativo, nunca comercial.
- XVI. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
- XVII. O Concello da Baña reserva o dereito a modificar as ditas bases, sempre que sexa estritamente necesario.